



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E TRIBUNAL. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/000227 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2024/A008/000001 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2024/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 160/2024, de 21 de Maio de 2024, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peón para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2024.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Vista que a última publicación das bases e da convocatoria realizouse en dito boletín con data de 28 de Xuño de 2024, iniciándose un prazo de dez días hábiles para a inscrición de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que mediante decreto de alcaldía 179/2024, de 17 de Xullo de 2024 se aprobou a lista provisional de admitidos sen que se producisen reclamacións.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Admitir definitivamente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peón para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2024 publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



ADMITIDOS

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202400000000640	33****66N	Vazquez Astray, Juan
202400000000648	76****38R	Corral López, José
202400000000677	09****49R	García Pedrero, José Eladio.

SEGUNDO.- Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: Sofia Dono García, traballadora social do Concello de Vilasantar.

Secretaria: María Trinidad Veiras Freire, Técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar

Suplente: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar Administrativo do Concello de Vilasantar.

Vogal: Salvador García Quintela, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Vogal: José Manuel Boado Sánchez, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Suplente: Aida Bello Mirás, Axente TIC do Concello de Vilasantar

Vogal: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Suplente: Elisabeth Rodríguez López, Técnico en Animación de Actividades deportivas do Concello de Vilasantar.

TERCEIRO.- Convocar ós candidatos admitidos o día 05/08/2024 ás 08.30 horas para a realización do proceso selectivo.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

QUINTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.